



M^a Luisa Boquete Pumar secretaria do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader),

Certifico:

Que o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, na súa reunión do vinte de abril de dous mil vinte e dous, aprobou o seguinte acordo:

“Ao abeiro do artigo 54.4 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, apróbase o acordo, que figura como anexo, sobre as regras para a xestión dos arrendamentos de predios do Banco de Terras de Galicia.”

E para que conste, asino esta certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

V^o e praxe
O presidente

A secretaria do Consello de Dirección

José González Vázquez

M^a Luisa Boquete Pumar





ANEXO I

da acta do Consello de Dirección do 20 de abril de 2022.

Acordo sobre as regras para a xestión dos arrendamentos de predios do Banco de Terras de Galicia.





Acordo do 20 de abril de 2022 sobre as regras para a xestión dos arrendamentos de predios do Banco de Terras de Galicia.

1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

As regras definidas neste acordo refírense á tramitación de solicitudes de arrendamento baixo o procedemento de concorrencia competitiva indicado no artigo 54. Naqueles puntos onde se indique expresamente serán tamén de aplicación aos arrendamentos pactados ou de mutuo acordo recollidos no artigo 55 da LRTAG.

Todo o referido a solicitude sobre unha parcela entenderase tamén aplicable a solicitudes feitas sobre un lote de parcelas.

Os criterios relativos a titularidade de explotación aplicaranse con independencia de si a persoa vincula o arrendamento a esa explotación.

No caso de que quen solicite unha parcela sexa unha persoa xurídica ou unha entidade sen personalidade xurídica, o seu obxecto social debe ser afín ao aproveitamento principal ou destino. Enténdese por afín aquel obxecto social que inclúa as actividades do aproveitamento principal ou destino.

2 NÚMERO MÁXIMO DE SOLICITUDES

O Artigo 54.4.a da LRTAG establece que mediante acordo do Consello Reitor de Agader determinarase o número máximo de solicitudes que pode ter realizadas simultaneamente para arrendamento unha mesma persoa.





Enténdese por "simultaneamente" que as solicitudes de arrendamento se presenten dentro do mesmo período habilitado a tal fin na orde pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia no estado de dispoñible en concorrencia (código de procedemento MR711B).

Establécese un máximo de 10 solicitudes por persoa e período habilitado, con independencia do destino para o que solicite a parcela.

De superarse o número máximo de solicitudes presentadas, e a persoa solicitante non ter desistido de ningunha, admitiranse as solicitudes ata chegar ao número máximo segundo a orde de prioridade indicada na solicitude. As solicitudes presentadas en exceso non serán admitidas.

3 DESTINO DOS BENS INCORPORADOS AO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

A través do procedemento de concorrencia os predios incorporados ao Banco de Terras de Galicia só poderán destinarse a actividades agrícolas, gandeiras, forestais e mixtas.

Co obxecto de determinar que tipo de actividades se poden levar a cabo en cada parcela, se definen os seguintes conceptos:

(1) Aproveitamento principal ou destino.

Cada parcela ofertarase cun ou varios aproveitamentos principais admitidos de entre.

- Agrícola
- Pecuário ou gandeiro
- Forestal (So aproveitamento madeireiro)





- Forestal (Outros aproveitamentos forestais)

a) Aproveitamento principal ou destino agrícola. Nel pódense levar a cabo calquera das actividades agrogandeiras definidas no artigo 4 da LRTAG coa excepción de especies arbóreas forestais aproveitadas exclusivamente polos seus froitos que serán considerados como Aproveitamento principal Forestal (Outros aproveitamentos forestais).

Baixo este aproveitamento soamente serán admitidas plantacións con especies forestais para melloras da explotación consistentes en executar peches verdes, faixas corta ventos ou bosquetes de protección de gando, cos condicionantes establecidos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia ou normativa que a substitúa: Corta ventos ata 10 metros de ancho e bosquetes máximo de 500 m², non podendo ser realizados con especies do xénero *Eucalyptus*.

b) Aproveitamento principal pecuario. Nel pódense levar a cabo aquelas actividades agrogandeiras definidas no artigo 4 da LRTAG que supoñan un aproveitamento mediante o gando do pasto que medra no terreo. Non suporá a transformación da parcela en terreo arable, no caso de tratarse de terreos que están poboados con matogueira ou especies forestais, pode darse unha transformación inicial dos terreos en pastos. Inclúese neste aproveitamento as explotacións apícolas e similares.

c) Aproveitamento principal forestal (so aproveitamento madeireiro). Nel pódense levar a cabo aquelas actividades forestais definidas no artigo 4 da LRTAG que supoñan a realización dunha plantación forestal co obxecto de cortar a madeira na súa quenda de corta. O obxecto deste aproveitamento é levar a cabo unha nova plantación ou coidado da existente baixo un modelo silvícola ou de xestión, en ningún caso poderá ser obxecto do arrendamento a simple corta do arborado presente na parcela.

d) Aproveitamento principal forestal (outros aproveitamentos forestais). Nel pódense levar a cabo aquelas actividades forestais definidas no artigo 4 da LRTAG que non supoñan a plantación de especies forestais co obxecto de cortar a madeira. Inclúense os seguintes aproveitamentos: aproveitamento de pastos, fungos e similares, plantas aromáticas e





medicinais, plantación de especies arbóreas baixo criterios de produción de froito. Inclúese tamén aproveitamentos de cortiza e resina sempre e cando estes aproveitamentos se dean sobre arborado presente na parcela, si o que se pretende facer é levar a cabo o aproveitamento realizando unha plantación forestal, considerarase que o seu aproveitamento principal é o madeireiro. A solicitude de parcelas para a plantación de castiñeiros co obxecto de obter froito deberá realizarse baixo este aproveitamento.

Cando sobre unha mesma parcela se dean aproveitamentos agrícolas ou pecuarios (letras a e b) con aproveitamentos forestais (letras c e d), considérase que na parcela se poden levar a cabo actividades mixtas conforme o disposto no artigo 4.a da LRTAG.

(2) Tipo de cultivo ou uso

Refírese ao tipo de cultivo ou uso específico para o que se pretende arrendar a parcela. No caso de plantación de arborado deberase indicar na solicitude o tipo de arborado plantado. No caso de tratarse de especies forestais deberá indicarse o modelo silvícola a implantar.

4 CONCORRENCIA DE SOLICITUDES PARA DISTINTOS APROVEITAMENTOS

No caso de que sobre unha mesma parcela e para un mesmo período, se presenten solicitudes de arrendamento para distintos aproveitamentos principais, clasificaranse as solicitudes nos seguintes grupos:

- Grupo 1: Solicitudes para aproveitamentos principais agrícolas ou gandeiros
- Grupo 2: Solicitudes para aproveitamentos principais forestais madeireiros ou outros aproveitamentos forestais (de forma xeral nomearanse tamén como solicitudes forestais).

As solicitudes realizadas para aproveitamentos agrícolas ou gandeiros terán preferencia sobre as feitas para aproveitamentos forestais (madeireiros e outros aproveitamentos forestais).





De existiren solicitudes de ambos os dous grupos sobre a mesma parcela, resolveranse en primeira instancia aquelas solicitudes do grupo 1 (aproveitamentos agrícolas e gandeiros). De resultar arrendada a parcela para algunha solicitude do grupo 1, denegaranse as solicitudes realizadas do grupo 2 (solicitudes forestais) por ser un aproveitamento non preferente. De non resultar arrendada a parcela para ningunha das solicitudes do grupo 1, procederase coa tramitación das solicitudes do grupo 2.

5 CRITERIOS PARA RESOLVER OS SUPOSTOS DE CONCORRENCIA DE SOLICITUDES DE ARRENDAMENTO

Dentro dos grupos definidos no punto 4, para decidir a quen se lle adxudica o arrendamento, son de aplicación os criterios de concorrencia seguintes:

- Grupo 1: Solicitudes para aproveitamentos agrícolas ou gandeiros, serán de aplicación os criterios de concorrencia agrícolas.
- Grupo 2: Solicitudes para aproveitamentos forestais madeireiros ou outros aproveitamentos forestais, serán de aplicación os criterios de concorrencia forestais.

Ademais dos criterios de concorrencia apróbase a aplicación de factores de redución da puntuación en función da prioridade e criterios de desempate.

Salvo especificacións contrarias definidas en cada criterio, establécense as seguintes condicións que serán de aplicación na valoración dos mesmos:

- Para a valoración dos criterios tomarase como referencia a data de inicio do período de presentación de solicitudes de forma que, segundo o caso, o criterio deberá cumprirse:
 - Na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.
 - No prazo indicado no criterio.





- No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, consideraranse acreditados os criterios se é dita persoa ou algunha das súas persoas socias quen cumpra o criterio.
- No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa socia dunha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica non se admitirán os criterios cumpridos pola entidade.
- Cando, entre a data de presentación da solicitude e o momento previo á formalización do contrato de arrendamento, se acredite que existe unha relación xurídica transmisible, a terceira persoa poderá suceder á persoa solicitante na súa condición conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 39/2015. Neste caso só se valorarán os criterios de concorrencia que a persoa solicitante inicial cumpría no momento de presentación da solicitude e nas condicións existentes nese momento.
- Cada variable/criterio só pode ser puntuado unha vez por cada solicitude, pero pode acumularse con outros criterios do mesmo concepto.
- Os criterios de concorrencia teñen unha puntuación individual pero agrúpanse en conceptos de forma que se establece unha puntuación máxima por concepto. No caso de que a suma dos criterios de concorrencia sexa superior ao concepto aplicarase o máximo de puntuación por concepto.
- So serán valorados aqueles criterios que sexan indicados na solicitude ou dos que se aporte información/documentación na solicitude. Nese sentido:
 - Se a persoa solicitante non indica que é titular de explotación agraria pero acredita outros criterios dos que se extrae que é titular de explotación agraria, valorarase tamén dito criterio.
 - Se a persoa solicitante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica e non foi indicado na solicitude, valorarase tamén dito criterio.
 - Se a persoa solicitante é titular dunha explotación e é unha muller ou é unha entidade que ten como persoas socias mulleres e non indicou o criterio sobre xénero das persoas titulares, valorarase tamén dito criterio.





- Outros casos de similares características debidamente acreditados

5.1 ADXUDICACIÓN DE PREDIOS PARA APROVEITAMENTOS AGRÍCOLAS E GANDEIROS

Os criterios de adxudicación así como a puntuación de cada criterio para aproveitamentos agrícolas e pecuarios (Grupo 1 definido no punto 4) son os que se detallan na seguinte táboa:

| PUNTOS MÁXIMOS | CONCEPTO | VARIABLE | PUNTOS |
|----------------|---|---|--------|
| 25 | Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante | Persoa titular de explotación agropecuaria | 15 |
| | | Persoa titular inscrita no Sistema Especial de Traballadores por conta propia agraria | 25 |
| 40 | Arrendamento previo | Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas | 40 |
| 50 | Incorporación á actividade agraria | Incorporación de persoa agricultora moza (muller) | 25 |
| | | Incorporación de persoa agricultora moza (home) | 20 |
| | | Explotación de nova creación | 20 |
| 40 | Ampliación da base territorial | Axudas de agroambiente e clima | 10 |
| | | Explotación acollida a plan de mellora | 10 |
| | | Explotación en produción ecolóxica | 10 |
| | | Explotación agraria prioritaria | 10 |
| 30 | Xénero das persoas titulares | Máis do 50% de persoas titulares mulleres | 30 |
| | | 50% de persoas titulares mulleres | 20 |
| | | Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50% | 10 |
| 60 | Parcelas confinantes e | Explotación a menos de 2 km | 10 |





| PUNTOS MÁXIMOS | CONCEPTO | VARIABLE | PUNTOS |
|----------------|-------------------------------|--|--------|
| | próximas | Explotación entre 2 e 5 km | 5 |
| | | Parcela propia confinante | 40 |
| | | Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m | 25 |
| | | Parcela arrendada ou propia a menos de 300 m | 15 |
| 15 | Asociacionismo | Cooperativas agrarias, Sociedades Agrarias de Transformación e Sociedades Cívicas con obxecto social afín | 15 |
| | | Sociedades Anónimas ou Sociedades Limitadas con obxecto social afín | 10 |
| | | Outras formas de asociación ou comunidade legalmente establecidas con obxecto social afín | 5 |
| 100 | Interese social | Apartado 38.a.4 da lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia | 100 |
| | | Persoas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas maiores de 45 anos | 60 |
| 40 | Recuperación da terra agraria | Polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta | 40 |
| 40 | Prezo | Se vostede ofertou un prezo de renda superior ao prezo da parcela, este será tido en conta proporcionalmente na puntuación ate un máximo de 40 puntos equivalente a un incremento do 100% sobre o prezo da parcela | |





Instrucións para a interpretación dos criterios de concorrencia agrícolas. Salvo que no criterio se indique outra cousa, atenderase ás condicións xerais expostas no punto 5.

Concepto nº 1. Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante.

A puntuación máxima por concepto é de 25 puntos e establécense dúas variables/criterios:

(1) Persoa titular de explotación agraria

Valorarase con 15 puntos se:

A persoa solicitante é titular dunha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

No caso de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica considerarase que cumpre o criterio se a persoa xurídica ou a entidade é a persoa titular da explotación.

(2) Persoa titular inscrita no Sistema Especial de Traballadores por conta propia Agrarios.

Valorarase con 25 puntos se:

A persoa solicitante figura inscrita no Sistema Especial de traballadores por Conta Propia Agrarios (SETA) ou o que o substitúa, na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

No caso de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica considerarase que cumpre o criterio se algunha das persoas socias cumpre este criterio.

Concepto nº 2. Arrendamento previo

Valorarase con 40 puntos se:

A persoa solicitante tivo previamente arrendada a parcela a través do Banco de Terras de Galicia. Computarase este criterio se o contrato de arrendamento finalizou no prazo de 12 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, sempre e cando a





parcela é devolta pola persoa arrendataria nas condicións indicadas no contrato de arrendamento asinado.

Tamén se valorará este criterio se se acredita que houbo unha transmisión da explotación ou algunha outra relación xurídica transmisíbel da anterior persoa arrendataria á persoa solicitante.

Concepto nº 3. Incorporación á actividade agraria

A puntuación máxima por concepto é de 50 puntos e establécense tres variables/criterios:

En tódolos casos a persoa solicitante deberá acreditar que cumpre o criterio no prazo de 24 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

(1) Incorporación de persoa moza (muller)

Valorarase con 25 puntos se:

- A persoa solicitante é muller e na data de inicio do período no que se presenta a solicitude ten cumpridos os 18 anos e non ten máis de 40 anos.
- A persoa solicitante debe cumprir ademais algún seguintes requisitos:
 - Estableceuse nunha explotación agraria por primeira vez como persoa titular desa explotación, de xeito individual, como cotitular ou como persoa socia en calquera forma xurídica.
 - Deuse de alta por primeira vez no Sistema Especial de traballadores por Conta Propia Agrarios (SETA)
 - Foille concedida unha axuda para a incorporación agraria por parte da Consellería competente en materia de agricultura
- No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, considerarase que cumpre o criterio se algunha das persoas socias cumpre os requisitos indicados.





(2) Incorporación de persoa moza (home)

Valorarase con 20 puntos se:

- A persoa solicitante é home e na data de inicio do período no que se presenta a solicitude ten cumpridos os 18 anos e non ten mais de 40 anos.
- A persoa solicitante debe cumprir ademais algún seguintes requisitos:
 - Estableceuse nunha explotación agraria por primeira vez como persoa titular desa explotación, de xeito individual, como cotitular ou como persoa socia en calquera forma xurídica.
 - Deuse de alta por primeira vez no Sistema Especial de traballadores por Conta Propia Agrarios (SETA)
 - Foille concedida unha axuda para a incorporación agraria por parte da Consellería competente en materia de agricultura
- No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, considerárase que cumpre o criterio se algunha das persoas socias cumpre os requisitos indicados.

(3) Explotación de nova creación

Valorarase con 20 puntos se:

A persoa solicitante deu de alta unha nova explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia nos 24 meses anteriores a data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

Concepto nº 4. Ampliación da base territorial

A puntuación máxima por concepto é de 40 puntos e establécense catro variables/criterios:

(1) Axudas agroambiente e clima





Valórase con 10 puntos se:

A persoa solicitante, no prazo de 24 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, foi beneficiaria dunha axuda de agroambiente e clima (ou medida equivalente).

(2) Explotación acollida a un plan de mellora

Valórase con 10 puntos se:

A persoa solicitante, no prazo de 24 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, foi beneficiaria dunha axuda de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas. Valorarase tamén este criterio se a axuda foi concedida antes do prazo indicado, pero foi xustificada no prazo indicado.

(3) Explotación en produción ecolóxica

Valórase con 10 puntos se:

A persoa solicitante figura, na data de inicio do período no que se presenta a solicitude, como titular dunha explotación inscrita no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.

(4) Explotación agraria prioritaria

Valórase con 10 puntos se:

A persoa solicitante figura, na data de inicio do período no que se presenta a solicitude, como titular dunha explotación agraria prioritaria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia.

Concepto nº 5. Xénero das persoas titulares

A puntuación máxima por concepto é de 30 puntos e establécense tres variables/criterios:

En tódolos casos deberán acreditar que cumpren o criterio na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.





No caso de persoas xurídicas valorarase en función da % de mulleres dentro das persoas socias, sen entrar a valorar o peso específico que teña cada un no tocante ao poder de decisión.

(1) Máis do 50% de persoas titulares mulleres

Valorarase con 30 puntos se:

A persoa solicitante é unha muller titular dunha explotación de forma individual. No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, valorarase este criterio se o número de mulleres socias é superior ao número de homes.

(2) 50% de persoas titulares mulleres

Valorarase con 20 puntos se:

A persoa solicitante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica e o 50% das persoas socias son mulleres.

(3) Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50%

Valorarase con 10 puntos se:

A persoa solicitante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica e menos do 50% das persoas socias son mulleres.

Concepto nº 6. Parcelas confinantes e próximas

A puntuación máxima por concepto é de 60 puntos e establécense catro variables/criterios:

En tódolos casos deberán acreditar que cumpren o criterio na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

Unha parcela que cumpre á vez varios criterios de proximidade, pode ser valorada en calquera deles, pero o feito de que se valore para un deles exclúiraa para o resto dos criterios.





(1) Explotación a menos de 2 km

Valorarase con 10 puntos se:

A persoa solicitante é titular dunha explotación agraria que figure a menos de 2 km de distancia da parcela solicitada. A distancia será medida en liña recta desde os puntos mais próximos entre a parcela solicitada e a parcela na que se localiza a explotación. A localización de explotación será única para todos os expedientes solicitados no mesmo período.

(2) Explotación entre 2 e 5 km

Valorarase con 5 puntos se:

A persoa solicitante é titular dunha explotación agraria que figure entre 2 e 5 km de distancia da parcela solicitada. A distancia será medida en liña recta desde os puntos mais próximos entre a parcela solicitada e a parcela na que se localiza a explotación. A localización da explotación será única para todos os expedientes solicitados no mesmo período.

(3) Parcela propia confinante

Valorarase con 40 puntos se:

A persoa solicitante ou unha terceira persoa coa que manteña unha relación de consanguinidade e/ou afinidade de ata 2º grado, sexa a persoa titular dunha parcela confinante coa parcela solicitada.

Non se considera confinante se existe un elemento (camiño, regato, ...) que separe ambas parcelas, tomando como referencia a situación catastral de ambas parcelas, salvo erros cartográficos.

(4) Parcela arrendada ou propia a menos de 100 m

Valorarase con 25 puntos se:





A persoa solicitante ou unha terceira persoa coa que manteña unha relación de consanguinidade e/ou afinidade de ata 2º grado, é titular ou ten arrendada unha parcela que diste a menos de 100 metros da parcela solicitada.

A distancia será medida en liña recta dende os puntos mais próximos de ámbalas dúas parcelas. Para o caso de parcela arrendada so serán admitidos os contratos de arrendamento privados cos tributos liquidados, contratos de arrendamento elevados a escritura pública e contratos de arrendamentos asinados a través do Banco de Terras de Galicia. O contrato de arrendamento debe estar en vigor no momento de presentación da solicitude.

Cada variable/criterio só pode ser puntuado unha vez por cada solicitude, pero pode acumularse con outros criterios do mesmo concepto

So se puntuará o feito de que a persoa solicitante teña unha parcela arrendada ou propia a menos de 100 metros. Unha parcela confinante que non foi empregada para acreditar o criterio de parcela propia confinante poderá ser empregada para acreditar este criterio.

(5) Parcela arrendada ou propia a menos de 300 m

Valorarase con 15 puntos se:

A persoa solicitante ou unha terceira persoa coa que manteña unha relación de consanguinidade e/ou afinidade de ata 2º grado, sexa titular dunha parcela que diste a menos de 300 metros da parcela solicitada.

A distancia será medida en liña recta dende os puntos mais próximos de ámbalas dúas parcelas. Para o caso de parcela arrendada so serán admitidos os contratos de arrendamento privados cos tributos liquidados, contratos de arrendamento elevados a escritura pública e contratos de arrendamentos asinados a través do Banco de Terras de Galicia. O contrato de arrendamento debe estar en vigor no momento de presentación da solicitude.

So se puntuará o feito de que a persoa solicitante teña unha parcela arrendada ou propia a menos de 300 metro. Unha parcela confinante que non foi empregada para acreditar o criterio





de parcela propia confinante ou unha parcela arrendada ou propia a menos de 300 m que non fora empregada para acreditar dito criterio poderá ser empregada para acreditar este criterio.

Concepto nº 7. Asociacionismo

A puntuación máxima por concepto é de 15 puntos e establécense tres variables/criterios:

A persoa solicitante deberá, no momento de presentación da solicitude, ser algún tipo de entidade das que se recollen a continuación.

No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa física que é socia dunha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica que é a titular da explotación non será valorado este criterio.

(1) Cooperativas agrarias, Sociedades Agrarias de Transformación e Sociedades Cívicas con obxecto social afín

Valorarase con 15 puntos

(2) Sociedades Anónimas ou Sociedades Limitadas con obxecto social afín

Valorarase con 10 puntos

(3) Outras formas de asociación ou comunidade legalmente establecidas con obxecto social afín

Valorarase con 5 puntos

Concepto nº 8. Interese social

A puntuación máxima por concepto é de 100 puntos e establécense dúas variables/criterios:

(1) Apartado 38.a)4º da Lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia

Valorarase con 100 puntos.





Deberá ser acreditado co modelo común para a acreditación da situación de violencia de xénero ou documento equivalente.

(2) Persoas desempregadas de longa duración e/ou persoas desempregadas maiores de 45 anos

Valorarase con 60 puntos.

Aos efectos do cumprimento deste criterio enténdese por persoa desempregada de longa duración aquela que á data de inicio do período no que se presenta a solicitude leve 24 meses en condición de desempregada.

Concepto nº 9. Recuperación da terra agraria

A puntuación máxima por concepto é de 40 puntos.

Valorarase se a persoa solicitante, no prazo de 24 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, resultou adxudicataria nalgún procedemento de recuperación de terras: aldea modelo, polígono agroforestal ou actuación de xestión conxunta

Concepto nº 10. Prezo

A puntuación máxima por concepto é de 40 puntos.

O valor máximo aplícase ás ofertas iguais ou superiores ao 100% de incremento sobre o prezo ao que se oferta a parcela. As ofertas iguais ou inferiores a ese prezo valóranse con 0 puntos e as intermedias coa puntuación proporcional de acordo coa porcentaxe de suba.

A puntuación calcularase en base ao prezo para o que se ofertou a parcela.





5.2 ADXUDICACIÓN DE PREDIOS PARA APROVEITAMENTOS FORESTAIS

Os criterios de adxudicación así como a puntuación de cada criterio para aproveitamentos forestais (Grupo 2 definido no punto 4) son os que se detallan na seguinte táboa:

| PUNTOS MÁXIMOS | CONCEPTO | VARIABLE | PUNTOS |
|----------------|---|---|--------|
| 15 | Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante | Persoa titular de explotación agropecuaria | 15 |
| 40 | Arrendamento previo | Arrendamento inmediatamente previo en condicións adecuadas | 40 |
| 30 | Xénero das persoas titulares | Máis do 50% de persoas titulares mulleres | 30 |
| | | 50% de persoas titulares mulleres | 20 |
| | | Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50% | 10 |
| 60 | Parcelas confinantes e próximas | Parcela propia confinante | 40 |
| | | Explotación a menos de 2 km | 15 |
| | | Explotación entre 2 e 5 km | 5 |
| 15 | Asociacionismo | SOFOR | 15 |
| 60 | Características da explotación | Aproveitamentos forestais non madeireiros | 60 |
| | | Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 1(*) | 40 |
| | | Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 2(**) | 20 |
| 100 | Interese social | Apartado 38.a.4 da lei 11/2021 de recuperación da terra agraria de Galicia | 100 |
| 40 | Recuperación da terra agraria | Polígonos agroforestais, aldeas modelo e actuacións de xestión conxunta | 40 |
| 40 | Prezo | Se vostede ofertou un prezo de renda superior ao prezo da parcela, este será tido en conta proporcionalmente na puntuación ate un máximo de | |



| PUNTOS MÁXIMOS | CONCEPTO | VARIABLE | PUNTOS |
|----------------|----------|--|--------|
| | | 40 puntos equivalente a un incremento do 100% sobre o prezo da parcela | |

(*) Lista de especies nº 1: Castiñeiro (*Castanea Sativa*), Castiñeiro Híbrido (*Castanea x híbrida*), Carballo (*Quercus robur*), Cerdeira (*Prunus aviun*), Nogueira (*Juglans regia*), Sobreira (*Quercus suber*), Piñeiro silvestre (*Pinus sylvestris*), Teixo (*Taxus baccata*).

(**) Lista de especies nº 2: Ameneiro (*Alnus glutinosa* (L.) Gaertn.), Pradairo (*Acer pseudoplatanus* L.), Bidueiro (*Betula* sp.), Freixo (*Fraxinus excelsior* L.), Freixa (*Fraxinus angustifolia* Vahl.), Cerquiño (*Quercus pyrenaica* Will.), Carballo albar (*Quercus petraea* (Matts) Liebl.), Aciñeira (*Quercus ilex* L. ssp. *ballota* (Desf.) Samp.), *Quercus rotundifolia* Lam, Abeleira (*Corylus avellana* L.), Faia (*Fagus sylvatica* L.), Umeiro (*Ulmus glabra* Huds.), *Ulmus minor* Miller, Loureiro (*Laurus nobilis* L.), Sorbeira do monte (*Sorbus aria* L.), Capudre (*Sorbus aucuparia* L.), Érbedo (*Arbutus unedo* L.), Carballo americano (*Quercus rubra*) e a Nogueira americana (*Juglans nigra*)

Instrucións para a interpretación dos criterios de concorrencia forestais, que son aplicables a solicitudes feitas para aproveitamentos principais forestais so aproveitamento forestal madeireiro e outros aproveitamentos forestais.

Salvo que no criterio se indique outra cousa, atenderase ás condicións xerais expostas no punto 5 destas instrucións.

Concepto nº 1. Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante.

Valorarase con 15 puntos se:

A persoa solicitante é titular dunha explotación agraria inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

No caso de persoas xurídicas ou entidades sen personalidade xurídica considerarase que cumpre o criterio se a persoa xurídica ou a entidade é a persoa titular da explotación.





Concepto nº 2. Arrendamento previo

Valorarase con 40 puntos se:

A persoa solicitante tivo previamente arrendada a parcela a través do Banco de Terras de Galicia. Computarase este criterio se o contrato de arrendamento finalizou no prazo de 12 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, sempre e cando a parcela é devolta pola persoa arrendataria nas condicións indicadas no contrato de arrendamento asinado.

Tamén se valorará este criterio si se acredita que houbo unha transmisión da explotación ou algunha outra relación xurídica transmisíbel da anterior persoa arrendataria á persoa solicitante.

Concepto nº 3. Xénero das persoas titulares

A puntuación máxima por concepto é de 30 puntos e establécense tres variables/criterios:

En tódolos casos deberán acreditar que cumpren o criterio na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

No caso de persoas xurídicas valorarase en función da % de mulleres dentro das persoas socias, sen entrar a valorar o peso específico que teña cada un no tocante ao poder de decisión.

(1) Máis do 50% de persoas titulares mulleres

Valorarase con 30 puntos se:

A persoa solicitante é unha muller titular dunha explotación de forma individual. No caso de que a persoa solicitante sexa unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica, valorarase este criterio se o número de mulleres socias é superior ao número de homes.

(2) 50% de persoas titulares mulleres





Valorarase con 20 puntos se:

A persoa solicitante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica e o 50% das persoas socias son mulleres.

(3) Mulleres como persoas titulares, pero menos do 50%

Valorarase con 10 puntos se:

A persoa solicitante é unha persoa xurídica ou entidade sen personalidade xurídica e menos do 50% das persoas socias son mulleres.

Concepto nº 4. Parcelas confinantes e próximas

A puntuación máxima por concepto é de 60 puntos e establécense tres variables/criterios:

En tódolos casos deberán acreditar que cumpren o criterio na data de inicio do período no que se presenta a solicitude.

Unha parcela que cumpre á vez varios criterios de proximidade, pode ser valorada en calquera deles, pero o feito de que se valore para un deles exclúiraa para o resto dos criterios.

(1) Explotación a menos de 2 km

Valorarase con 15 puntos se:

A persoa solicitante debe ser titular dunha explotación agraria que figure a menos de 2 km de distancia da parcela solicitada. A distancia será medida en liña recta desde os puntos máis próximos entre a parcela solicitada e a parcela na que se localiza a explotación. A localización de explotación será única para todos os expedientes solicitados no mesmo período.

(2) Explotación entre 2 e 5 km

Valorarase con 5 puntos se:





A persoa solicitante debe ser titular dunha explotación agraria que figure entre 2 e 5 km de distancia da parcela solicitada. A distancia será medida en liña recta desde os puntos mais próximos entre a parcela solicitada e a parcela na que se localiza a explotación. A localización de explotación será única para todos os expedientes solicitados no mesmo período.

(3) Parcela propia confinante

Valorarase con 40 puntos se:

A persoa solicitante ou unha terceira persoa coa que manteña unha relación de consanguinidade e/ou afinidade de ata 2º grado, sexa a persoa titular dunha parcela confinante coa parcela solicita.

Non se considera confinante se existe un elemento (camiño, regato, ...) que separe ambas parcelas, tomando como referencia a situación catastral de ambas parcelas, salvo erros cartográficos.

Concepto nº 5. Asociacionismo

Valorarase con 15 puntos ás Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR) sempre e cando o uso que se lle pretenda dar ao predio estea dentro do seu obxecto social.

Concepto nº 6. Características da explotación

A puntuación máxima por concepto é de 60 puntos e establécense tres variables/criterios:

(1) Aproveitamentos forestais non madeireiros

Valorarase con 60 puntos

Serán valoradas aquelas solicitudes realizadas para aproveitamentos forestais non madeireiros, entendendo por tales os definidos no punto 3.1.d deste documento como aproveitamento principal forestal (outros aproveitamentos forestais). Inclúense baixo este





criterio as solicitudes realizadas para plantacións co obxecto de produción de froito de castiñeiro, cerdeira, nogueira, abeleira ou outras especies forestais similares.

(2) Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 1(*)

Valorarase con 40 puntos.

Serán valoradas aquelas solicitudes feitas para destinar a parcela á plantación das seguintes especies:

Lista de especies nº 1: *Castiñeiro (Castanae Sativa)*, *Castiñeiro Híbrido (Castanae x híbrida)*, *Carballo (Quercus robur)*, *Cerdeira (Prunus aviun)*, *Nogueira (Juglans regia)*, *Sobreira (Quercus suber)*, *Piñeiro silvestre (Pinus sylvestris)*, *Teixo (Taxus baccata)*.

Esta puntuación é incompatible coa puntuación indicada no punto 1 (Aproveitamentos forestais non madeireiros)

No caso de que na parcela se realicen plantacións con distintas especies, para poder ser valorado este criterio, a superficie da zona plantada coas especies deste listado debe ser superior á superficie da zona plantada con outras especies non recollidas nese listado.

(3) Explotacións con especies exclusivamente da lista nº 2(**)

Valorarase con 20 puntos

Serán valoradas aquelas solicitudes feitas para destinar a parcela á plantación das seguintes especies:

Lista de especies nº 2: *Ameneiro (Alnus glutinosa (L.) Gaertn.)*, *Pradairo (Acer pseudoplatanus L.)*, *Bidueiro (Betula sp.)*, *Freixo (Fraxinus excelsior L.)*, *Freixa (Fraxinus angustifolia Vahl.)*, *Cerquiño (Quercus pyrenaica Will.)*, *Carballo albar (Quercus petraea (Matts) Liebl.)*, *Aciñeira (Quercus ilex L. ssp. ballota (Desf.) Samp.)*, *Quercus rotundifolia Lam*, *Abeleira (Corylus avellana L.)*, *Faia (Fagus sylvatica L.)*, *Umeiro (Ulmus glabra Huds.)*, *Ulmus minor Miller*, *Loureiro (Laurus nobilis L.)*,





Sorbeira do monte (Sorbus aria L.), Capudre (Sorbus aucuparia L.), Érbedo (Arbutus unedo L.), Carballo americano (Quercus rubra) e a Nogueira americana (Juglans nigra)

No caso de que na parcela se realicen plantacións con distintas especies, para poder ser valorado este criterio, a superficie da zona plantada coas especies deste listado debe ser superior á superficie da zona plantada con outras especies non recollidas nese listado.

Concepto nº 7. Interese social

Valorarase con 100 puntos os supostos recollidos no artigo 38.a)4º da LRTAG, que deberá xustificarse co modelo común para a acreditación da situación de violencia de xénero ou documento equivalente.

Concepto nº 8. Recuperación da terra agraria

A puntuación máxima por concepto é de 40 puntos.

Valorarase se a persoa solicitante, no prazo de 24 meses anteriores á data de inicio do período no que se presenta a solicitude, resultou adxudicataria nalgún procedemento de recuperación de terras: aldea modelo, polígono agroforestal ou actuación de xestión conxunta.

Concepto nº 9. Prezo

A puntuación máxima por concepto é de 40 puntos.

O valor máximo aplícase ás ofertas iguais ou superiores ao 100% de incremento sobre o prezo ao que se oferta a parcela. As ofertas iguais ou inferiores a ese prezo valóranse con 0 puntos e as intermedias coa puntuación proporcional de acordo coa porcentaxe de suba.

A puntuación calcularase en base ao prezo para o que se ofertou a parcela.





6 PRIORIDADE DE SOLICITUDES DE ARRENDAMENTO ENTREGADAS NUN MESMO PERÍODO

Co obxecto de evitar que a adxudicación de arrendamentos se concentre nunha persoa, establécese un factor de corrección que será de aplicación no caso de concorrencia de solicitantes para o mesmo aproveitamento no mesmo período habilitado.

Para iso, a persoa solicitante deberá indicar na súa solicitude, con número crecente, o seu interese en arrendar cada unha das parcelas. Entenderase que ten máis interese por arrendar unha parcela que teña no campo prioridade o número máis baixo.

En función da prioridade marcada pola persoa solicitante, establécese un factor de corrección da puntuación obtida na valoración dos criterios de concorrencia de forma que:

| Factor | Criterio |
|--------|--------------------------------|
| 1 | Ata as 3 primeiras solicitudes |
| 0,6 | Entre a 4ª e a 6ª solicitude |
| 0,4 | A partir da 7ª solicitude |

Por exemplo. Se unha persoa solicitou 8 parcelas e na solicitude que marcou con prioridade número 5 ten concorrencia con outras persoas para o mesmo aproveitamento. Tras a valoración dos criterios de concorrencia, a persoa solicitante ten 80 puntos. Nese caso lle corresponde un factor de corrección de 0,6 (por marcar que é a solicitude número 5), polo que a súa puntuación será de 48 puntos ($=0,60 \times 80$) e non 80.

No caso de que unha persoa non marque a prioridade nas súas solicitudes, ou a prioridade marcada se repita para algunha solicitude, reasignarase a prioridade das solicitudes atendendo aos seguintes criterios:

1. 1º: Data de presentación de solicitudes
2. 2º: Superficie da parcela solicitada





7 CRITERIO DE ADXUDICACIÓN PARA O CASO NO QUE SE PRODUZA UN EMPATE DE PUNTUACIÓN

No caso de que dúas ou mais persoas solicitantes obteñan na valoración dos criterios de concorrencia a mesma puntuación para a mesma parcela solicitada establécense 3 criterios de desempate, que serán aplicados conforme a orde que se indica a continuación:

Critério 1 –A obtención de máis puntuación nos criterios de concorrencia segundo a seguinte orde de preferencia:

a) Para criterios de concorrencia agrícolas

- 1 - Arrendamento previo
- 2 - Interese social
- 3 - Incorporación á actividade agraria
- 4 - Parcelas confinantes e próximas
- 5 - Ampliación da base territorial
- 6 - Xénero das persoas titulares
- 7 - Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante
- 8 - Prezo
- 9 - Asociacionismo
- 10 - Recuperación da terra agraria

b)– Para criterios de concorrencia forestais





- 1- Arrendamento previo
- 2- Características da explotación
- 3 - Interese social
- 4 - Parcelas confinantes e próximas
- 5 - Xénero das persoas titulares
- 6 - Nivel de profesionalización agraria da persoa solicitante
- 7 - Prezo
- 8 - Asociacionismo
- 9 - Recuperación da terra agraria

Critério 2 – Por data de presentación da solicitude (para criterios de concorrencia agrícolas e forestais)

Por data de presentación da solicitude, en calquera das formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante Lei 39/2015) .

Critério 3 – Por o número de NIF ou documento equivalente (para criterios de concorrencia agrícolas e forestais)

Polo número do NIF ou documento equivalente. Adjudicarase o predio á persoa solicitante que teña o número mais baixo dos últimos 6 díxitos numéricos do NIF.





8 SOLICITUDES DE ARRENDAMENTO PARCELAS PROPIETARIOS PARTICULARES VS ARRENDAMENTO PACTADO

Terán preferencia na tramitación aquelas solicitudes que, con independencia de cando se presenten, se realicen no marco dun arrendamento pactado ou de mutuo acordo coa persoa/s titular/es do predio, conforme o indicado no artigo 55 da LRTAG.

9 PARCELAS QUE PODEN SER SOLICITADAS EN ARRENDAMENTO

So poderán ser obxecto de solicitude de arrendamento aquelas parcelas que, no período habilitado, figuren en <https://sitegal.xunta.gal/sitegal> (en diante SITEGAL) no estado de dispoñibles en concorrencia segundo a definición do artigo 23.2.b) da LRTAG.

De presentarse solicitudes sobre parcelas que non figuran nese estado ou de presentarse solicitudes fora do prazo habilitado, estas non serán admitidas.

Mentres estea aberto o prazo habilitado para solicitar parcelas en arrendamento, non se ofertarán en SITEGAL novas parcelas nin se retiraran da oferta parcelas que figuren no estado de dispoñibles en concorrencia.

10 PREZO MÍNIMO DE ARRENDAMENTO DA PARCELA

O prezo mínimo de arrendamento para o que se oferta unha parcela é o indicado en SITEGAL. Este prezo ven determinado ben porque é un prezo marcado pola persoa propietaria ou ben polo prezo de referencia indicado no artigo 53 da LRTAG. Dito prezo é o que se indica no modelo de solicitude como “prezo público”.

Os prezos so poderán ser modificados de oficio ou a instancia da persoa solicitante si se detectan erros no prezo indicado pola persoa propietaria ou na clasificación e/ou superficie da parcela de forma que ao corrixilos varíe o prezo da parcela. En todo caso será vinculante o prezo ofertado na solicitude. De modificarse o prezo de referencia da parcela, para o cálculo





da puntuación aplicable ao criterio de concorrencia PREZO, terase en conta o prezo de referencia e o prezo ofertado no momento da solicitude.

De ofertar a persoa solicitante un prezo inferior ao de referencia ou o indicado pola persoa propietaria, a adxudicación realizarase polo prezo de referencia ou o indicado pola persoa propietaria. Neste suposto non se dará audiencia á persoa solicitante.

11 MODELOS OBLIGATORIOS DE SOLICITUDE DE ARRENDAMENTO E INFORMACIÓN VINCULANTE

A presentación de solicitudes de arrendamento seguirá o procedemento e os modelos aprobados para tal fin, así como a normativa en materia de procedemento administrativo e administración dixital.

Non se admitirán as solicitudes que se presenten cun formulario distinto ao obrigatorio.

Non poderán ser obxecto de modificación posterior os datos indicados na solicitude respecto do prezo ofertado, aproveitamento principal ou destino e uso ou cultivo.

12 RESTRICCIÓNS A PLANTACIÓNS FORESTAIS MADEIREIRAS

No que respecta as solicitudes realizadas para facer plantacións forestais madeireiras atenderase ao disposto na normativa existente no momento de tramitar a solicitude, de forma que se poida garantir que no caso de que se arrende a parcela esta se poida destinar á plantación indicada con todas as garantías legais.

En especial atenderase ao disposto na normativa en materia de montes e terreos forestais, urbanismo e ordenación do territorio, augas e conservación da natureza.





13 ADAPTACIÓN A MODELOS SILVÍCOLAS

Aos predios integrantes do Banco de Terras de Galicia seralles de aplicación a Orde do 19 de maio do 2014 (DOG Núm. 106, do 05.06.2014), pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais (en diante a Orde de modelos silvícolas) modificada pola Orde do 9 de febreiro do 2021 (DOG Núm. 39 do 26.02.2021), ou polas normas que a substitúan, modifiquen ou complementen.

A aplicación consistirá en:

1. Todas aquelas solicitudes realizadas para aproveitamentos principais forestais (madeireiros ou outros aproveitamentos madeiros) que supoñan a realización dunha plantación regular para especies e finalidades contempladas na Orde de modelos silvícolas deberán axustarse ao modelo silvícola equivalente. Nas solicitudes de arrendamento que se cursen deberá indicarse a especie a implantar e o modelo silvícola.
2. A adxudicación de solicitudes baixo modelos incluídos na Orde de modelos silvícolas implicará que o arrendamento se leve a cabo nas seguintes condicións:
 - Cumprindo cos referentes de boas prácticas forestais (Anexo II da Orde de modelos silvícolas)
 - As condicións do modelo silvícola que se trate forestais (Anexo I da Orde de modelos silvícolas)
3. Formalizado o arrendamento, a adhesión á que fai referencia o artigo 7 da Orde do 19 de maio, será obrigatoria para a persoa beneficiaria da cesión, que deberá realizar a comunicación de adhesión, nos termos previstos na Orde, no prazo máximo de 12 meses dende a entrada en vigor do arrendamento. O seu incumprimento será causa de resolución do arrendamento.
4. Non se arrendarán predios para a plantación de especies incluídas na Orde de modelos silvícolas en distritos forestais non contemplados nos ditos modelos.
5. No caso de solicitarse predios para destinalos a unha plantación forestal cunha especie non recollida no Anexo 1 da Orde de modelos silvícolas, a persoa solicitante deberá presentar unha memoria de explotación que recolla a seguinte información: especie,





obxectivo da plantación, marco e densidade de plantación, mantementos, realización e condicións de podas, rareos e claras, idade de corta e métodos de corta. A adxudicación do arrendamento en condicións distintas da memoria presentada será obxecto de audiencia previa. En todo caso incluíranse como condicións do arrendamento o cumprimento dos referentes de boas prácticas forestais (Anexo II da Orde de modelos silvícolas)

6. Anexaranse ao contrato de arrendamento tantos os referentes de boas prácticas forestais como as condicións do modelo a implantar da Orde de modelos silvícolas ou as condicións da plantación que resulte do indicado no punto anterior
7. Unha mesma parcela poderá ser obxecto de varios modelos silvícolas, debendo ser indicada a zona de aplicación dos mesmos
8. O indicado neste apartado será de aplicación a todas as parcelas ofertadas en arrendamento a través do Banco de Terras.

14 DURACIÓN DOS ARRENDAMENTOS

O artigo 56.2.c da LRTAG establece que o prazo de duración do contrato de arrendamento non poderá ser superior a 70 anos cando o uso sexa forestal e 30 anos no resto dos casos.

Así mesmo, no artigo 47.3 da LRTAG indícase que a persoa titular do predio pode, no procedemento de incorporación deste ao Banco de Terras de Galicia, propor a duración do contrato de arrendamento posterior.

Tendo en conta o anterior, e co obxecto de establecer unhas regras comúns para determinar o tempo de duración dos contratos de arrendamento, establécense os seguintes criterios en canto a duración destes:

(1) PARCELAS PROPIEDAD, ADSCRITOS OU CEDIDAS A AGADER





Inclúense baixo este epígrafe os predios definidos no artigo 36.1, letras a), b), c) d) i e) da LRTAG.

a) Arrendamentos para aproveitamentos principais agrícolas ou gandeiros

A duración máxima destes arrendamentos será de 30 anos.

| CASUÍSTICA | DURACIÓN MÁXIMA |
|--|-----------------|
| Parcela en bo estado con melloras: | Ata 15 anos |
| Parcela en mal estado sen melloras: | Ata 15 anos |
| Parcela en mal estado con melloras: | Ata 20 anos |
| Viñedo, froiteiras e arbustos: | Máximo |
| Viveiro en verde sen melloras: | Ata 15 anos |
| Viveiro con infraestruturas ou melloras: | Máximo |
| Outras circunstancias a xustificar: | Máximo |
| Sen motivo específico | Ata 10 anos |

Enténdese que a parcela está "en bo estado" cando a está destinada a un uso actual de prado ou terra arable, no caso contrario entenderase "en mal estado". Enténdese por melloras: peches, instalacións, obras, movementos de terras, retirada de pedras, en xeral calquera actuación que supoña realizar traballos mais alá de melloras agronómicas da terra.

b) Arrendamentos aproveitamentos principais forestais – Máximo 70 anos

A duración máxima destes arrendamentos será de 70 anos

- No caso de plantacións a cesión realizarase para unha soa quenda de corta.
- De tratarse dunha plantación acollida a un modelo silvícola, a duración máxima do arrendamento será a indicada no modelo silvícola para a corta máis 2 anos para a preparación do terreo.
- No caso de implantar os seguintes modelos silvícolas, nos que ou ben non se realiza a corta, ou ben non se indica cando se debe realizar a corta, como norma xeral a duración máxima será de 30 anos:





- RBA-Reserva de bosques autóctonos ou silvicultura de preservación de bosques autóctonos
 - SPN-Silvicultura próxima á natureza
 - RR- Infraestruturas verdes. Xestión de rodais recreativos
 - SS1- Sistema silvopastoril
 - XBR- Xestión de bosques de ribeira
 - SP-Xestión de montes desarborados para aproveitamento pastoral
 - QS1-Multiproducción de sobreirais en monte alto: cortiza, pastoreo extensivo, aproveitamentos cinexéticos e micolóxicos, madeira
 - CS2-Castiñeiro para froita
 - CS3-Castiñeiro para froito ou mixta froito-madeira en soutos tradicionais
 - XFAS-xestión de frondosas por rareo sucesivo
- No caso de destinar a parcela a unha plantación forestal que non se corresponda con ningún modelo silvícola, tomarase como norma xeral unha duración máxima de 30 anos, non podendo en ningún caso arrendarse para realizar mais dunha quenda de corta.

(2) PARCELAS INCORPORADAS POLA PERSOA TITULAR DO PREDIO

Atenderase en primeiro lugar á duración máxima indicada pola persoa titular do predio. De recibirse unha solicitude de arrendamento sobre a parcela por un período superior, requirirase autorización expresa da persoa propietaria, de non contar con ela a parcela poderá ser arrendada polo prazo máximo autorizado. No caso de solicitudes feitas para arrendamentos forestais acollidos a modelos silvícolas, de cumprir a duración solicitada co prazo máximo autorizado pola persoa propietaria, atenderase ao disposto no punto 1.b deste apartado en canto a duración máxima.





15 INHABILITACIÓN PARA SER CESIONARIA DE PREDIOS

Conforme ao disposto no artigo 54.10 da LRTAG, se unha vez notificada a resolución e rematado o procedemento de audiencia á persoa seleccionada como arrendataria, o contrato non se formaliza por causa imputable a ela, esta quedará inhabilitada para ser cesionaria de predios incorporados ao Banco de Terras durante un período de dous anos, agás no caso de forza maior ou causa debidamente xustificada.

A inhabilitación entrará en vigor unha vez que sexa practicada a notificación da resolución pola que se inhabilita á persoa solicitante.

Calquera solicitude de arrendamento realizada por unha persoa que no momento de presentala estea inhabilitada, non será admitida.

Entre outros, considerase que son causa debidamente xustificada, e non daría lugar a inhabilitación:

- Cando unha persoa ocupa o segundo ou posterior lugar no procedemento de cesión e non desexa formalizar o contrato de arrendamento no suposto de que renuncie a persoa que ocupou o primeiro lugar.
- Cando houbo unha transmisión de explotación da que é titular a unha terceira persoa e esta non desexa formalizar o contrato

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manterá un rexistro actualizado coas persoas que figuren inhabilitadas e a data ata a que se mantén a inhabilitación.

16 ARRENDAMENTO PREVIO. IMPAGO DA RENDA: INCUMPRIMENTO DE OBRIGAS

Conforme ao disposto no artigo 54.13 da LRTAG, non poderán ser beneficiarias dun arrendamento aquelas persoas que, tendo previamente arrendado ese predio ou outros ao Banco de Terras, incumprisen algunha das obrigas asumidas no contrato asinado así como o disposto nos apartados 6 e 7 do artigo 57 da LRTAG.





A limitación indicada entrará en vigor unha vez que sexa practicada a notificación do acto polo que se recoñece o incumprimento.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural manterá un rexistro actualizado coas persoas que figuren inhabilitadas e a data ata a que se mantén a inhabilitación.

17 PREDIOS CON MADEIRA CON VALOR COMERCIAL

No caso dos predios incluídos no artigo 36.1, letras a), b), c) d) e e) da LRTAG, se se constata que o valor económico da madeira presente é superior ao custe de extracción do arborado, o predio non poderá ser arrendado para aproveitamentos forestais que supoñan a corta do arborado. Se as solicitudes son para a transformación en terreos agrícolas, se o valor económico da madeira é superior ao custe de extracción do arborado mais o custe de retirada das cachopas ou raíces as parcelas non poderán ser arrendadas.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizará a corta do arborado, e unha vez feita, o predio poderá ser ofertado en arrendamento.

No caso de parcelas incorporadas ao Banco de Terras polo seu titular, artigo 36.1 letra g) da LRTAG, a corta do arborado deberá ser autorizada ou realizada pola persoa titular do predio antes da adxudicación do arrendamento.

18 BORRADO EN SITEGAL DAS SOLICITUDES EN ESTADO DE BORRADOR

Unha vez rematado un período habilitado para presentar solicitudes de arrendamento, aquelas solicitudes que figuren en Sitegal en estado "borrador" serán borradas da plataforma co obxecto de non permitir a súa presentación en períodos posteriores.





19 NÚMERO DE EXPEDIENTE DE SOLICITUDE DE ARRENDAMENTO E DE CONTRATO

A efectos de identificar as solicitudes e os contratos de arrendamento, defínense dous números de expedientes:

Número de expediente da solicitude de arrendamento

Seguirá o seguinte esquema XXXXXXXXXXX-YYYY-ZZZZ. Onde:

XXXXXXXXXX = número de referencia da parcela en SITEGAL.

YYYY = ano no que se crea a solicitude en SITEGAL (*insertion date*)

ZZZZ = número enteiro único (*serial number*) que lle atribúe SITEGAL a cada solicitude

Número de expediente do contrato de arrendamento. Unha vez que se arrenda a parcela defínese a seguinte referencia para identificar o contrato de arrendamento: XXXXXXXXXXX-CAR-TTTTT, onde:

XXXXXXXXXX = número de referencia da parcela en SITEGAL

TTTTT = número enteiro único (*serial number*) que lle atribúe SITEGAL a cada contrato.

20 FORMALIZACIÓN DO ARRENDAMENTO

As cesións formalizaranse mediante a sinatura do contrato de arrendamento que estea en vigor en cada momento.

21 RÉXIME TRANSITORIO. SOLICITUDES EN TRAMITACIÓN

As solicitudes en tramitación anteriores á data deste acordo seralles de aplicación os acordos vixentes no momento no que se presentaron ditas solicitudes.





22 DERROGACIÓN

A partir da aprobación deste acordo quedan sen efecto:

A Resolución do 07.08.2012 do director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) sobre instrucións aclaratorias no procedemento de adxudicación de cesión/arrendamento de predios incorporados a través do Banco de Terras.

O Acordo do 14.04.2015 polo que se aproban regras de xestión das solicitudes de cesión temporal do uso e aproveitamento de predios que integran o Banco de Terras de Galicia

O Acordo do 19.04.2018 polo que se modifica o acordo do Consello de Dirección do 14 de abril de 2015 sobre as solicitudes de cesión temporal do uso e aproveitamento de predios que integran o Banco de Terras de Galicia do 19/04/2018.

